

CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA MATERIA DE FRANCÉS. CURSO 2018-2019

	NOTA AVALIACIÓN	ACTITUDE CARA A LINGUA E COMPORTAMENTO CÍVICO	ACTIVIDADES E TAREFAS	PROBAS ESPECÍFICAS
		10%	(dixitais ou tradicionais) 40% Media aritmética dos traballos realizados x 0,4	50% Media aritmética dos traballos realizados x 0,5
	0 a 10 puntos	0 a 1 punto	0 a 4 puntos	0 a 5 puntos
ESO BACH.		<ul style="list-style-type: none"> •Trae o material •Actitude cara a lingua •Asistencia regular e puntualidade •Puntualidade na entrega de tarefas •Respecta os compañeiros e as compañeiras e o profesorado •Coida o material e a aula •Grao de motivación 	<ul style="list-style-type: none"> •Realización dos exercicios do libro e do caderno de exercicios do método •Caderno do alumno/alumna •Exposicións orais en formato dixital ou tradicional •Exposicións escritas en formato dixital ou tradicional •Lecturas de distintos xéneros en distintos formatos 	<ul style="list-style-type: none"> •Probas escritas (exames de gramática, controis de verbos, comprensión de textos, etc). •Probas orais (representacións, diálogos, exercicios de escoita, etc).
	Máximo 10 puntos	Máximo 1 punto	Maior de 3/10 para facer a media ponderada. Máximo 4 puntos	Maior de 3/10 para facer a media ponderada. Máximo 5 puntos
		10% nota da avaliación	Se nunha avaliación non hai probas específicas, a porcentaxe de actividades e tarefas será un 90% da nota da avaliación.	

Nota: Para a avaliación da CL (competencia lingüística) teránse en conta as catro destrezas:

CO: Comprensión oral.

PO: Produción oral.

CE: Comprensión escrita.

PE: Produción escrita.

Avaliarase ademais destas destrezas **a gramática e o vocabulario**. Cada un destes aspectos lingüísticos será valorado co mesmo peso específico na nota final. É dicir, se a cualificación é sobre 10, cada un deles terá unha puntuación máxima de 2.

Cálculo da media aritmética:

Exemplo

Realízanse 4 tarefas na avaliación: a nota máxima é 40.

A nota acadada pola alumno/alumna é de 35.

A media aritmética obtense facendo unha regra de 3:

40 ----- 10 X = 35x10 = 8,75 (media aritmética).

35 ----- X 40

Como a nota máxima neste apartado é 5, debemos multiplicar esta nota por

0,4: 8,75 x 0,4 = 3,5 no apartado de actividades e tarefas.

IMPORTANTE: Todos/as alumnos/as **deberán entregar**, como mínimo, **un vídeo cada trimestre**. Nel

expresarase en francés sobre algún aspecto xa traballado na clase seguindo as indicacións da profesora.

Se o/a alumno/a non pode gravarse na clase deberá falar coa profesora que lle facilitará a posibilidade de gravarse no instituto.

Tódolos vídeos deberán ser entregados no prazo indicado. Se non se entregan, o/a alumno/a non aprobará a materia aínda que teña superadas as outras probas realizadas durante o trimestre.